



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TÍTULO DE MASTER UNIVERSITARIO EN PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS E PRODUTOS TURÍSTICOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade da Coruña para o axeitado desenvolvemento título de Master Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a planificación e xestión de destinos e produtos turísticos e a formación de expertos que orienten a súa profesión (orientación profesional) ou investigación (orientación investigadora) nesta área, por considerar que o turismo é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.





Segundo.- O Decreto 245/2011, de 15 de decembro (DOG nº 2 , de 3 de xaneiro de 2012), autoriza a implantación de estudos conducentes aos títulos de master universitario e doutor no sistema universitario de Galicia.

Terceiro.- O Master Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos trata de dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e as súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da nosa comunidade autónoma, e como tal, presenta unha oferta vérsatil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro.

Que a través deste convenio, outórgase á Universidade da Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

